

# PANXOLIÑA "NADAL EN CEDEIRA" 2015

HOXE NON VIMOS CANTARE  
DETRÁS DUN TOXO PEQUENÑO  
VIMOS CANTAR PANXOLIÑAS  
PORQUE XA NACEU O NENO

AS GAITAS AS PANDEIRETAS  
E ACORDEÓNS TOCARÁN  
DISFRUTEMOS DO MOMENTO  
NESTA NOITE DE NADAL

RETROUSO 1ª volta Cantado. 2ª volta Música

ANDEDE POLOS CAMIÑOS  
NON DEIXEDES UN LUGAR  
CONTÁDELLE A BOA NOVA  
E QUE VEÑAN A CANTAR

XUNTEMOS TODAS A VOCES  
VINDE GRANDES E PEQUENOS  
ÍMOSLLE CANTAR AO NENO  
QUE A NINGUÉN BOTE DE MENOS

RETROUSO 1ª volta Cantado. 2ª volta Música

AXUDADE COMPAÑEIROS  
CANTEMOS DESTA MANEIRA  
PRA QUE TODO O MUNDO SAIBA  
COMO É O NADAL EN CEDEIRA

RETROUSO E FINAL

FORMEMOS UN CORO  
TODOS A CANTAR  
PANXOLIÑAS CANTOS DE NADAL  
PANXOLIÑAS CANTOS DE NADAL

RETROUSO

OS DA VILA ESTÁN  
DA AREA TAMÉN  
DA RIBEIRA E DE SAN ANDRÉS  
OS DO BECO VEÑEN  
OS DE MURUXÁS  
OS DE ESTEIRO E SANTALLAMAR



José de Vigo

# ENTRADA DA RÍA DE CEDEIRA - CANCIÓN MARIÑEIRA



CANDO VEÑAS POLO MARE  
DE VENDAVAL PRA CEDEIRA,  
DEIXARÁS POR ESTRIBORE  
O MEXÓN E A CHIRLATEIRA.

E SI QUERES VIR SEGURO  
ABRE SEMPRE A CANDIEIRA,  
E ANTES DE TAPALO\_FARO (BIS)  
DASLLE UN POUQUIÑO PRA TERRA.

E SI É BAIXA DE MAR  
E NON CONOCELA\_RIA,  
HAS DE TRAER PROMONTOIRO (BIS)  
A PUNTA DA BATERÍA.

E O CHEGAR A MEDIA BOCA  
FASTE UN ÉS, A VENDAVAL,  
AGARDANDO A BOA ACENTE....., (BIS)  
E COA MISMA O SARRIDAL.

E CANDO XA ESTEÑAS DENTRO  
ACABANDO DE AMARRAR...  
XA ME DIRÁS SE É CERTO (BIS)  
O QUE ACABO DE CONTAR.



Manolo do Mudo, Manolo Vergara, Javier  
Vergara e Manolo Pita Cribeiro (O Norreca)